

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE  
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**2018-2019**

**Cristian Iglesias Lorenzo**

**ÍNDICE**

**1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO. DO ALUMNADO.

OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO.

**2.- CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS  
COMPETENCIAS CLAVE.**

**CIENCIAS SOCIAIS (1º, 2º, 3º E 4º)**

**INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (IAEE)**

**3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.**

**XERAIS E ESPECÍFICOS DA E.S.O.**

**DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

**INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (IAEE).**

**4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:**

**A) TEMPORALIZACIÓN. (COS CONTIDOS).**

**B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

**C) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**

**6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

**7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

**8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA  
DOCENTE.**

**9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E  
AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

**10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E DE MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS  
QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.**

**11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

**12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**13.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR.**

**14.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.**

**15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS  
E PROCESOS DE MELLORA.**

## **16.-DATOS DO DEPARTAMENTO.**

### **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

#### **ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.**

A programación didáctica do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI de

Xanceda pretende ser a referencia en torno á que se desenvolverá o proceso de ensino-aprendizaxe no centro. Esta pretende ser unha proposta aberta á posibilidade de modificacións que contribúan á mellora desta labor.

As materias de Xeografía e a Historia son imprescindíbeis para a formación do alumnado como futuros cidadáns conscientes do mundo no que viven e con capacidade crítica á hora de participar activamente na sociedade. Por iso consideramos esencial fornecer ao alumnado coas ferramentas básicas para elaborar un pensamento construtivo, autónomo, solidario... As Ciencias Sociais aportan aos alumn@s o coñecemento do pasado (evolución das sociedades, aparición do pensamento democrático, creación de esquemas solidarios...), a comprensión do mundo globalizado no que viven, a situarse espacial e mentalmente...

Esta programación busca que ese proceso de aprendizaxe das materias de Xeografía e Historia sexa enriquecedor para o alumnado, tendo en conta as características propias deste (procedencia, dificultades do contexto sociocultural...).

### CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

- Situación: O noso centro está situado en Xanceda (Concello de Mesía).
- Ensinanzas que oferta o centro: Dende a Educación Infantil, pasando por todos os cursos de Ensino Primario e os catro da E.S.O. (Educación Secundaria Obrigatoria).
- Características singulares: É un C.P.I. (Centro Público Integrado), polo tanto conviven eses tres niveis de ensino; e aínda que están en dous edificios diferentes separados por un corredor, a coincidencia de actividades e na vida docente é bastante, por non falar dos momentos de comedor, entradas e saída do patio e actividades extraescolares.

É un centro do interior de Galicia, pequeno, cuns 170 alumnos e do rural, propio dunha zona cunha produción agraria e sobre todo gandeira, situado na parroquia onde está o Concello, cun centro comunal onde poden consultar internet e unha biblioteca, supermercado, un banco, igrexa e varios bares.

O Colexio está bastante ben dotado, con dúas Aulas de informática, unha delas para Secundaria, cunha pizarra dixital e ordenadores Abalar nas clases de 1º e 2º da ESO e ordenador, canón e pizarra dixital nas clases de 3º e 4º.

### CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

- Lingua materna dominante: O galego.
- Alumnado con NEAE no curso actual: Varios, sobre todo en Primeiro e Segundo, contando estes con apoio, nas Linguas e Matemáticas, e aulas para os Exentos de Francés (nas que se reforza ao alumnado sobre todo nas linguas (facendo fincapé na que máis dificultade lle causa, a lingua castelá), algo en Xeografía e Historia, etc. )

últimas clases son impartidas precisamente polo profesor de Ciencias Sociais e dependen do departamento.

De todos xeitos, bótase de menos unha diversificación curricular, un PAE (Programa de Agrupación Específico) coma os de cursos anteriores, ou cando menos un desdobre na Aula de 1º da ESO, tendo en conta o baixo nivel do alumnado, o pouco estudo e traballo dos mesmos, o que lle costa e sobre todo o feito de que son 23 rapazas e rapaces. E entre eles hai cinco con moitos problemas, que precisamente xa están exentos de francés. Un deles especificamente con Adaptación curricular a un nivel dos primeiros cursos de Primaria.

- Destacar que non hai problemas sociais reseñables.
- Outras características: É un alumnado bastante infantil polo feito de que ao rematar a Educación Primaria non cambian de centro, continúan no edificio de ao lado e cos mesmos hábitos que manexaron na etapa anterior.

#### OBXECTIVOS. ADAPTADOS AO CONTEXTO.

1. Respetar o medio ambiente e a contorna locais.
2. Saber valorar os recursos sociais, demográficos e económicos locais aprendendo a usar ferramentas matemáticas e estatísticas.
3. Respetar o patrimonio, a lingua e a cultura locais.
4. Comprender a convivencia democrática a través do goberno local.
5. Conseguir aplicar as actitudes e valores de convivencia axeitados para o beneficio da comunidade respectando os dereitos humanos.
6. Saber comunicarse correctamente a través das novas tecnoloxías e os medios informáticos actuais.
7. Comprender a importancia e os valores que transmiten os medios de comunicación así como a visualización individual do alumnado a través deles.
8. Aprender a consolidar coñecementos previos a partir das novas aprendizaxes.
9. Coñecer e saber desenvolverse no medio físico local e aprender a relacionar feitos históricos e sociais da zona con outros de nivel rexional, estatal e global.

#### **2.- CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

##### CIENCIAS SOCIAIS (1º, 2º, 3º e 4º)

A nova lei de educación (LOMCE) presenta unha novidade de especial relevancia: a definición de competencias clave que se deben alcanzar ao finalizar a Educación Secundaria obrigatoria. Estas competencias clave permiten identificar as aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar ao alumnado para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación á vida adulta

desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A área de Ciencias Sociais resulta fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, p destaca especialmente na adquisición das seguintes:

1. - Competencia social e cidadá: mediante unha reflexión crítica sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes.
2. - Competencia sobre coñecemento e interacción no mundo físico: mediante o aprendizaxe dos conceptos xeográficos e o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos e a súa representación cartográfica.
3. - Competencia cultural e artística: facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes así apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas.
4. - Competencia no tratamento da información e competencia dixital: mediante a recollida de fontes (destacando a recollida de información en Internet).
5. - Competencia en comunicación lingüística: mediante a adquisición dun vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizar e xeneralizalo correctamente.
6. - Competencia para aprender a aprender: supón inicialos na aprendizaxe para que posteriormente continúen dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar respostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas dende distintas perspectivas metodolóxicas.

#### INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (IAEE)

Esta materia inclúe aspectos teóricos e prácticos que pretenden preparar aos mozos para desempeñar unha cidadanía participativa e responsable así como promover o desempeño profesional e a vía do emprendemento. Desta forma, entre os contidos que se desenvolven incídese no autocoñecemento, a toma de decisións vocacional, o coñecemento do concepto de emprendedor e as súas características e funcións principais, ademais dos pasos a seguir para crear un negocio propio ou contribuír á innovación dentro dunha organización.

As distintas competencias clave desenvólvense de forma simultánea permitindo que as distintas aprendizaxes váianse interiorizando para saber responder nos múltiples contextos en que se desenvolven.

A área contribúe principalmente á competencia no sentido de iniciativa emprendedora e empresarial a través de todos os seus contidos, tratando de que o alumno coñeza e valore de forma crítica as súas capacidades e as súas limitacións; desenvolva, planifique e avalíe proxectos, tome decisións, traballe e así mesmo mediante o traballo cooperativo. Pero tamén é moi importante a competencia social e cívica dada a gran interacción desta materia co mundo físico. Así mesmo favorécese o desenvolvemento da competencia

dixital de maneira transversal mediante o recurso continuo ao uso de instrumentos informáticos e a procura de información en Internet. A competencia en comunicación lingüística está presente en todos os bloques. Búscase que o alumnado faga uso da linguaxe científica técnica propio desta materia, utilizando tanto a linguaxe oral como o escrito. A competencia para aprender a aprender desenvólvese en todos os bloques, ao ter que realizar tarefas onde o alumnado aprende a buscar e seleccionar información, a resolver problemas e a planificar proxectos.

### **3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.**

#### **XERAIS E ESPECÍFICOS DA ESO**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitar o diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio para o desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexectar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexectar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións con demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento científico e a experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua ca... textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas... como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes... cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenc... afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte... para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade... en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo... coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando divers... medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Ga... participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural... dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio... dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental pa... mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza... cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial... pertencentes á comunidade lusófona.

## **DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.**

### **1º da ESO**

#### **TEMA 1. O PLANETA TERRA**

- Coñecer a forma e as dimensións da Terra.
- Identificar os corpos celestes que forman o Sistema Solar e clasificar correctamente os diferen... tipos de planetas.
- Coñecer o movemento de rotación da Terra e a relación que ten coa sucesión dos días e as noites.
- Entender a función dos fusos horarios e calcular correctamente a diferenza horaria entre diferen... puntos da Terra.
- Coñecer o movemento de translación da Terra e establecer a relación entre este movemento e... estacións do ano.



- Resolver adecuadamente actividades formuladas a partir da observación e a interpretación de imaxes e de mapas.
- Identificar as liñas imaxinarias da Terra e recoñecer a súa utilidade.
- Coñecer os principais sistemas de proxección cartográfica e recoñecer os seus usos.
- Interpretar correctamente escalas gráficas de diferentes magnitudes.
- Coñecer os diferentes tipos de mapas que existen e a información que se representa neles.
- Comprobar que saben localizar con precisión lugares e territorios empregando a latitude e a lonxitude.

## **TEMA 2. O RELEVO DA TERRA**

- Identificar as capas da estrutura interna da Terra e explicar as características da codia terrestre.
- Recoñecer os axentes internos de formación do relevo e como se mide a magnitude dos terremotos.
- Caracterizar a acción formadora do relevo realizada pola auga, o vento, a vexetación e o ser humano.
- Situar con criterio diferentes infraestruturas sobre o terreo tendo en conta as formas do relevo.
- Identificar os principais elementos do relevo dos continentes.
- Situar os tres grandes conxuntos do relevo de Europa.
- Describir e localizar os relevos da península Ibérica e dos arquipélagos españois.
- Traballar e interpretar mapas e perfís topográficos e aplicarlos ao desenvolvemento de etapas ciclistas.
- Saber buscar información sobre os GR en diferentes fontes.
- Valorar as consecuencias dos terremotos en diferentes lugares.

## **TEMA 3. A HIDROSFERA: AUGA DOCE E AUGA SALGADA**

- Definir correctamente o concepto de hidrosfera e caracterizar a auga como fonte de recursos.
- Explicar o funcionamento do ciclo natural da auga.
- Describir as características da auga salgada.
- Diferenciar e caracterizar os movementos máis importantes da auga: as correntes mariñas, as mareas e as ondas.
- Recoñecer os diferentes xeitos que ten o ser humano de aproveitar a riqueza dos océanos e os mares.
- Describir as características dos ríos, lagos, augas subterráneas, icebergs e glaciares como principais corpos de auga continental.
- Recoñecer a presenza da auga na atmosfera.
- Identificar os diferentes aproveitamentos que o ser humano realiza coa auga doce.
- Situar nun planisferio os océanos e os mares máis importantes.
- Situar e clasificar por vertentes os ríos de Europa e da península Ibérica.

- Opinar se no planeta hai problemas de abastecemento de auga ou desigualdades na distribución recursos hídricos.
- Valorar a auga como un ben natural e como un recurso escaso.

#### **TEMA 4. O TEMPO ATMOSFÉRICO**

- Identificar as capas da atmosfera e explicar as características principais de cada capa.
- Recoñecer a importancia da capa de ozono para a vida na Terra.
- Identificar a importancia da radiación solar e os problemas que se poden derivar dunha excesiva exposición ou dunha mala protección dos raios solares.
- Definir o que é a temperatura da atmosfera e que instrumento se emprega para medila.
- Coñecer os factores que interveñen na formación de nubes e as precipitacións.
- Saber como se miden a humidade e as precipitacións.
- Describir e diferenciar os diversos tipos de precipitación.
- Coñecer os factores que condicionan a presión atmosférica e os instrumentos necesarios para medila.
- Recoñecer os diferentes tipos de ventos, a dirección en que sopran e os factores que determinan a súa intensidade, e os instrumentos utilizados para medilos.
- Diferenciar os anticiclóns das depresións.
- Determinar as causas e as consecuencias das riadas e das inundacións.
- Recoñecer a chuvia ácida, os seus efectos e as accións para reducilas.
- Comentar un mapa do tempo.

#### **TEMA 5. OS CLIMAS DA TERRA**

- Coñecer a distribución mundial das temperaturas e os factores que condicionan esta localización das zonas climáticas do mundo.
- Recoñecer a distribución mundial das precipitacións, as zonas climáticas e os ventos.
- Caracterizar e situar os climas temperados (oceánico, mediterráneo e continental) e os climas extremos (ecuatorial, tropical, desértico, cálido, polar e de alta montaña).
- Recoñecer a diversidade climática de España e caracterizar e localizar os diversos tipos de climas que existen na península Ibérica.
- Describir o que son os monzóns do sueste asiático e como inflúen na agricultura.
- Relacionar o efecto invernadoiro coas actividades humanas e sinalar como tales actividades poden producir un cambio climático.
- Construír e interpretar un climograma.
- Propor medidas eficientes para reducir o uso do transporte privado e das emisións de dióxido de carbono.

- Calcular e interpretar a propia pegada de carbono e a propia pegada ecolóxica.

## **TEMA 6. AS PAISAXES DE CLIMAS TEMPERADOS**

- Localizar os diferentes tipos de paisaxes de Europa e coñecer os factores condicionantes paisaxes naturais.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxes oceánica e describir a paisaxe oceánica humanizada.
- Caracterizar as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe mediterránea e describir a paisaxe mediterránea humanizada.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe continental.
- Caracterizar a paisaxe continental humanizada.
- Describir as diversas paisaxes naturais e humanizadas de España.
- Recoñecer as características dos incendios forestais.
- Descubrir que razoan por que o mar de Aral está desaparecendo.
- Interpretar unha paisaxe a través da fotografía e analizar a evolución dunha paisaxe humanizada.
- Situar as reservas da biosfera de Europa nun mapa.

## **TEMA 7. AS PAISAXES DE CLIMAS EXTREMOS**

- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación propios da paisaxe ecuatorial.
- Analizar e caracterizar a paisaxe ecuatorial humanizada.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe tropical e explicar os principais trazos da paisaxe tropical humanizada.
- Caracterizar as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe desértica cálida.
- Comprender as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe de zonas frías e describir a paisaxe de zonas frías humanizada.
- Recoñecer a paisaxe antártica e a importancia científica deste continente.
- Explicar as causas e as consecuencias da deforestación e avaliar as posibles solucións ao problema.
- Describir e situar as paisaxes de climas extremos e comprender como se vive nestes contornos.
- Elaborar un mural de paisaxes de climas extremos e un vídeo dos parques nacionais de paisaxes de climas extremos.

## **TEMA 8. OS PROBLEMAS AMBIENTAIS**

- Recoñecer a Terra como un ecosistema e explicar as interrelacións do ecosistema mariño.
- Identificar os riscos naturais e os riscos provocados pola acción humana.
- Describir a cidade como un ecosistema urbano aberto e que esta pode modificar o clima.
- Valorar a distribución desigual e o consumo de recursos naturais.

- Identificar problemas derivados como a produción de coltan.
- Realizar un comentario de texto sobre os impactos do cambio climático.
- Describir e analizar un mapa sobre os recursos enerxéticos renovables en España.
- Elaborar un informe que recolla as políticas ambientais que se levan a cabo no propio municipio.
- Recoller información sobre os riscos naturais e os provocados pola actividade humana no propio municipio.
- Elaborar un cartel para unha campaña ou proxecto de mellora ambiental no propio centro escolar.
- Traballar con fontes dixitais e elaborar unha webgrafía sobre o concepto de desenvolvemento sostible.

## **TEMA 9. A PREHISTORIA**

- Comprender como evolucionaron os nosos antepasados explicando o proceso de hominización de os primeiros homínidos ata o ser humano actual.
- Describir os principais acontecementos das primeiras comunidades de cazadores-colleiteiros.
- Recoñecer os métodos e as técnicas de investigación da Prehistoria: os xacementos, as estratigrafías e as reconstrucións.
- Explicar como vivían os poboados agrícolas e gandeiros do Neolítico: produción de alimentos, ferramentas, útiles...
- Diferenciar as etapas da Idade dos Metais: Idade do Cobre, Idade do Bronce e Idade do Ferro.
- Distinguir os diferentes tipos de megálitos (menhir, dolmen e crómlech) e explicar como construían.
- Describir as principais características da arte mobiliar e das pinturas rupestres.
- Coñecer as características e as localizacións dos xacementos prehistóricos máis destacados na península Ibérica.
- Confeccionar eixes cronolóxicos.
- Utilizar fontes secundarias e fontes primarias.
- Elaborar un mapa sobre a domesticación dos animais e fichas sobre as ferramentas da prehistoria.
- Familiarizarse coas particularidades da Prehistoria no territorio galego e recoñecer os principais xacementos deste período na comunidade

## **TEMA 10. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS: MESOPOTAMIA E EXIPTO**

- Explicar por que as primeiras civilizacións xurdiron á beira dos grandes ríos: o Éufrates, o Tigris e o Nilo.
- Recoñecer as primeiras cidades Estado e os primeiros imperios da civilización de Mesopotamia.
- Caracterizar a evolución e o desenvolvemento do Exipto dos faraóns.

- Comprender e describir a vida e a sociedade dun poboado agrícola exipcio.
- Identificar as características básicas da relixión exipcia.
- Recoñecer e describir os templos exipcios.
- Relacionar as tumbas exipcias (mastaba, pirámide e hipoxeo) coa crenza da inmortalidade.
- Realizar comentarios de textos, de fontes documentais e de fontes materiais.
- Situar no espazo e no tempo as civilizacións mesopotámica e exipcia.
- Interpretar en grupo un papiro do xuízo de Osiris facendo unha escenificación.

### **TEMA 11. GRECIA, DE POLIS A IMPERIO**

- Recoñecer os elementos que unían aos gregos da Helade.
- Describir os principais trazos da organización social e política de Esparta e de Atenas.
- Emitir xuízos sobre a calidade democrática da democracia ateniense.
- Localizar os fluxos migratorios e as colonias gregas da Mediterránea.
- Caracterizar as principais celebracións sociais gregas.
- Explicar o dominio da Helade desde a hexemonía de Atenas ata a conquista por parte da Macedonia de Filipo IV e Alexandre Magno.
- Describir o Imperio de Alexandre Magno.
- Reproducir nun esquema as causas das guerras do Peloponeso.
- Analizar e traballar con eixes cronolóxicos, textos históricos, fontes documentais e fontes materiais.
- Coñecer as diferentes formas de goberno da Grecia clásica.

### **TEMA 12. COLONIZACIÓNS E POBOS PRERROMANOS**

- Identificar a orixe dos pobos iberos e celtas.
- Caracterizar os pobos colonizadores: fenicios, gregos e cartaxineses.
- Recoñecer as tribos e os poboados ibéricos.
- Describir adecuadamente as características máis destacadas da sociedade ibérica.
- Comprender a orixinalidade da arte ibérica describindo santuarios, necrópoles, cerámicas, exvotos e esculturas.
- Explicar como era a vida cotiá dos pobos celtas e celtíberos.
- Interpretar reconstrucións de vivendas de época prerromana.
- Localizar e situar no espazo e no tempo as colonizacións realizadas no Mediterráneo.
- Traballar e analizar adecuadamente as fontes documentais e materiais.
- Elaborar en grupo un tríptico informativo e turístico sobre os iberos e os celtas.
- Valorar a arte castrexa e identificar e apreciar diferentes mostras da arte e da cultura castrexas no territorio galego.

### **TEMA 13. ROMA, DA REPÚBLICA AO IMPERIO**

- Explicar a fundación da cidade de Roma.
- Describir a evolución e as características da Roma republicana (séculos I-V a.C.).
- Deducir as causas da expansión territorial de Roma, da crise da República e da morte de Xulio César.
- Explicar as características do Imperio romano (séculos I-V d.C.) e os beneficios da *pax romana*.
- Localizar as principais construcións da cidade de Roma.
- Diferenciar as clases sociais da Roma urbana: ricos, pobres, escravos e libertos.
- Recoñecer a nova relixión xurdida durante o dominio romano: o cristianismo.
- Deducir por que se produciu a fin do Imperio romano.
- Escribir unha biografía de Xulio César e un esquema sobre a crise do Imperio.
- Traballar e analizar adecuadamente os eixes cronolóxicos, as fontes documentais e materiais.
- Caracterizar a República romana e localizar as fases da súa expansión.
- Participar nun debate sobre a escravitude en Roma.

### **TEMA 14. O LEGADO DA ANTIGÜIDADE**

- Recoñecer e asumir que a nosa cultura é herdeira da cultura clásica.
- Explicar o inicio dos Xogos Olímpicos e valoralos como un exemplo de legado da Antigüidade.
- Diferenciar e describir a relixión grega e a relixión romana establecendo equivalencias entre respectivas divindades dunha e outra relixión.
- Describir as características da arquitectura clásica grega.
- Identificar os trazos principais da arquitectura funcional romana.
- Explicar o idealismo e o realismo na escultura relacionándoo coa arte grega e a arte romana.
- Detallar as características da pintura e o mosaico das culturas clásicas.
- Interpretar os símbolos e a arte dos primeiros cristiáns.
- Analizar obras arquitectónicas e escultóricas.
- Analizar fontes documentais e materiais.
- Caracterizar os diferentes tipos de goberno que xurdiron na Antigüidade.
- Buscar información en grupo sobre o mito de Heracles/Hércules.

### **TEMA 15. A HISPANIA ROMANA**

- Coñecer os principais acontecementos das guerras entre Roma e Cartago e describir as diferentes fases da conquista romana de Hispania.
- Explicar os cambios e as transformacións que experimentaron as cidades e a economía de Hispania.

como provincia do Imperio romano.

- Recoñecer a importancia da herdanza romana na nosa cultura e patrimonio.
- Identificar as principais cidades e vías de comunicación de Hispania.
- Coñecer as obras públicas e as manifestacións artísticas da época romana que se conservan no territorio.
- Resolver as cuestións formuladas a partir da información obtida en eixes cronolóxicos, debuxos, mapas e textos históricos.
- Describir a celebración dun banquete romano.
- Establecer a fin do Imperio romano e a chegada dos pobos visigodos.
- Caracterizar a sociedade e a arte visigoda.

## 2º da ESO

### UNIDADE 1: A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGO

#### Obxectivos Didácticos

- Explicar e situar cronoloxicamente as principais etapas da Idade Media e do proceso de descomposición do Imperio romano de Occidente.
- Analizar os pobos xermánicos: formación, organización, formas de vida e cultura.
- Estudar un dos reinos xermánicos: os visigodos.
- Explicar o proceso de ruralización a causa da destrución das cidades e as consecuencias culturais e económicas que se derivan disto.
- Caracterizar a orixe e a evolución do reino suevo de Galicia e os aspectos fundamentais da súa organización social, política e económica.
- Situar a orixe do Imperio bizantino e expor a importancia do emperador Xustiniano no seu desenvolvemento.
- Describir as características culturais do Imperio bizantino e comparalas coas propias doutras culturas.
- Identificar a orixe do Imperio carolinxio e expor a importancia da figura de Carlomagno, coas repercusións que o seu legado ten na Europa actual.
- Identificar as orixes da sociedade feudal e definir as relacións entre señores e campesiños.
- Explicar as principais características do Islam, describir a súa orixe e as súas implicacións culturais e artísticas.

### UNIDADE 2: AL-ANDALUS

#### Obxectivos Didácticos

- Explicar o proceso de expansión do Islam no mundo e en Al-Andalus.

- Saber identificar as distintas etapas da súa historia.
- Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socio-económicos, políticos e culturais.
- Comprender o proceso das conquistas e a repoboación na Península Ibérica.
- Caracterizar a sociedade e as diferentes formas de goberno existentes nas distintas etapas de Al-Andalus ao longo dos séculos de dominación musulmá.
- Describir as actividades económicas e o seu xeito de organización.
- Recoñecer as características da arte islámica e andalusí.
- Identificar os monumentos de época andalusí que se conservan no noso territorio.
- Explicar os trazos da cultura islámica e valorar a súa riqueza en Al-Andalus.
- Recoñecer a importancia da herdanza musulmá no noso patrimonio.
- Comprender os conceptos clave da época en cuestión.
- Coñecer a época a través do comentario de textos e a observación de imaxes e debuxos.
- Situar espazo-temporalmente os sucesos principais relativos á orixe e expansión do Islam.

### **UNIDADE 3: A EUROPA FEUDAL**

#### **Obxectivos Didácticos**

- Identificar os factores que propiciaron a aparición e o desenvolvemento do feudalismo tras a morte de Carlomagno.
- Explicar a organización social que se deriva do feudalismo e as súas consecuencias económicas e sociais.
- Describir a composición dos estamentos da sociedade medieval e os seus trazos distintivos.
- Expor os pactos de fidelidade e vasalaxe dos distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
- Analizar a nova situación social, política e cultural na época do feudalismo: estrutura e organización, xeitos de vida e relación coa Igrexa.
- Estudar a clase social fundamental que sostén o sistema feudal: o campesiñado.
- Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.
- Analizar gráficos que permiten afondar na organización social e económica da época.
- Elaborar relatos e debuxos referentes á época por medio dun exercicio imaxinativo.
- Interpretar esquemas e realizar táboas que permiten unha maior visualización do período referido.
- Comprender e definir os conceptos clave relativos á época en cuestión.

### **UNIDADE 4: OS PRIMEIROS REINOS PENINSULARES. O REINO DE GALICIA**

#### **Obxectivos Didácticos**

- Explicar a importancia dos reinos cristiáns da Península Ibérica durante a Idade Media e a súa



evolución.

- Expor o desenvolvemento dos reinos de León e de Castela.
- Describir a evolución do reino de Galicia do século VIII ao XIII.
- Identificar e describir a orixe e evolución dos condados e os reinos pirenaicos.
- Entender a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media e valorar a achega cultural das comunidades peregrinas.
- Comprender que eran as repoboacións, como se realizaron e de que forma evolucionaron.
- Expor a ofensiva territorial dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII e a consecuente evolución fronteiras dos seus reinos.
- Describir os principais aspectos da economía e a organización social de Galicia nos inicios da Idade Media.
- Situar espazo-temporalmente os sucesos principais relativos á formación dos primeiros reinos peninsulares.
- Comentar textos e observar imaxes e debuxos que reflicten os elementos fundamentais da época en cuestión.
- Organizar a información en esquemas e táboas.
- Coñecer a importancia de certos personaxes destacados relacionados co período histórico estudado, entre eles o Cid Campeador.
- Elaborar relatos que se refiran á época por medio dun exercicio imaxinativo.

## **UNIDADE 5: A CULTURA E A ARTE DO ROMÁNICO**

### **Obxectivos Didácticos**

- Coñecer a importancia da Igrexa na Idade Media e a súa estreita vinculación coa eclosión dun novo estilo artístico: o Románico.
- Explicar a vida monástica: organización, ordes, normas de conduta, partes do mosteiro e as súas funcións.
- Expor as características da arquitectura románica: as igrexas e as súas partes.
- Describir a pintura románica: características e función.
- Identificar as características da escultura románica e a súa relación coa arquitectura.
- Analizar obras artísticas do Románico nas súas tres expresións: arquitectura, escultura e pintura.
- Coñecer a presenza do Románico na Península Ibérica.
- Explicar as etapas da arte románica ibérica e a súa plenitude.
- Expor as obras artísticas máis representativas do Románico na Península e en Galicia.
- Situar nun mapa os territorios principais nos que se desenvolveu a arte Románica.

## **UNIDADE 6: AS CIDADES DA EUROPA MEDIEVAL**

## **Obxectivos Didácticos**

- Desenvolver as causas que favoreceron o aumento da produción agraria e, en consecuencia, o crecemento da poboación e a vida urbana.
- Caracterizar a cidade medieval analizando os seus aspectos sociais, económicos, gobernamentais e organizativos.
- Describir o auxe da burguesía durante a Baixa Idade Media.
- Analizar as actividades esenciais para o crecemento das sociedades urbanas: a artesanía e o comercio.
- Explicar a relación simbiótica entre a monarquía e a clase social nacente, a burguesía.
- Coñecer a orixe das Cortes e o Parlamento e describir a súa función.
- Expor as causas do afianzamento do poder real e o seu prezo.
- Analizar a crise da Baixa Idade Media, as súas causas e consecuencias.
- Desenvolver as revoltas e os conflitos urbanos e campesiños que tiveron lugar neste período.
- Situar espazo-temporalmente os sucesos principais relativos ao crecemento das cidades a partir do século XII e á súa posterior crise.
- Comentar textos e observar imaxes e debuxos relativos ao tema en cuestión.
- Interpretar esquemas que permiten unha maior visualización do período referido.

## **UNIDADE 7: OS GRANDES REINOS PENINSULARES (SÉCULOS XIII-XV)**

### **Obxectivos Didácticos**

- Describir a importancia da batalla das Navas de Tolosa como suceso fundamental para o debilitamento das taifas musulmás e a expansión dos reinos cristiáns.
- Expor o xeito de repoboación das terras conquistadas e comparar o propio dos distintos reinos.
- Explicar a Coroa de Castela e o seu papel protagonista na expansión dos reinos cristiáns.
- Coñecer a importancia da trashumancia e a Mesta nunha sociedade fundamentalmente gandeira.
- Explicar a Coroa de Aragón e a peculiaridade do seu goberno: unha Coroa, varios reinos.
- Analizar a forma de goberno, tipo de economía e xeito de organización social da Coroa de Castela e Aragón.
- Desenvolver os enfrontamentos sociais que tiveron lugar en Castela e Aragón e as súas causas e consecuencias.
- Analizar as causas e repercusións das revoltas irmandiñas.
- Comparar mapas históricos.
- Comentar textos e observar imaxes e debuxos que permiten unha maior aproximación á época.
- Organizar a información do período referido recorrendo a unha táboa.
- Elaborar un eixe cronolóxico no que aparezan os acontecementos e os personaxes máis relevantes n

consolidación dos reinos peninsulares.

## **UNIDADE 8: A CULTURA E A ARTE DO GÓTICO**

### **Obxectivos Didácticos**

- Expor as causas do proceso de crecemento cultural do Occidente europeo.
- Coñecer as consecuencias deste crecemento na educación, na relixión e na arte.
- Describir a arquitectura gótica.
- Comparar as características da arte Gótica coas do Románico.
- Identificar as innovacións que introduciu o novo estilo.
- Explicar as catedrais como as edificacións máis representativas da arquitectura gótica.
- Recoñecer os trazos distintivos da escultura gótica e a súa evolución respecto á propia do Románico.
- Identificar os trazos distintivos da pintura gótica.
- Coñecer a influencia do Gótico na Península Ibérica e en Galicia sinalando algunhas das súas obras e artistas máis representativos
- Definir conceptos clave para a comprensión da época.
- Desempeñar un traballo grupal de investigación co fin de profundar no estudo do estilo gótico.
- Analizar obras artísticas pertencentes ao estilo en cuestión.

## **UNIDADE 9: OS HABITANTES DO PLANETA**

### **Obxectivos Didácticos**

- Coñecer os distintos factores que condicionan a distribución da poboación na superficie da Terra.
- Definir o concepto de densidade de poboación.
- Aprender a realizar cálculos de densidade de poboación.
- Detallar a evolución da poboación mundial.
- Recoñecer as causas da desigual dinámica da poboación mundial.
- Entender os conceptos de taxa de natalidade, taxa de fecundidade, crecemento vexetativo e taxa de mortalidade e saber como se calculan.
- Identificar as diferentes tipoloxías de pirámide de poboación.
- Interpretar unha pirámide de poboación.
- Saber como se reparte a poboación mundial e a súa actividade económica.
- Describir os principais modelos ou réximes demográficos.
- Caracterizar o volume, a distribución e a dinámica da poboación europea.
- Describir diferentes tipos de política de natalidade e inmigración.

## **UNIDADE 10: A POBOACIÓN ESPAÑOLA**

## **Obxectivos Didáticos**

- Expor a evolución da poboación española.
- Localizar a distribución da poboación española no territorio.
- Definir as características da poboación española: os índices de natalidade e fecundidade, a esperanza de vida e a taxa de mortalidade.
- Analizar a estrutura demográfica de España a través dunha pirámide de idade.
- Describir o crecemento demográfico nas diferentes Comunidades Autónomas,
- Caracterizar as dinámicas e tendencias da poboación española: descenso da natalidade e envellecemento da poboación.
- Describir o poboamento rural e o urbano en España.
- Valorar a importancia das pirámides de idades nos estudos demográficos.
- Explicar as causas do despoboamento rural en España.
- Analizar o problema do envellecemento da poboación.

## **UNIDADE 11: AS SOCIEDADES HUMANAS E OS FENÓMENOS MIGRATORIOS**

### **Obxectivos Didáticos**

- Entender as variables que organizan unha sociedade e valorar a diversidade social rexeitando a discriminación racial, sexual, relixiosa, económica, etc.
- Diferenciar as sociedades tradicionais, modernas e posmodernas.
- Apreciar a diversidade cultural, lingüística e relixiosa do mundo e de Europa.
- Entender que é o Índice de Desenvolvemento Humano e recoñecer as variables que se teñen en conta para a súa elaboración.
- Identificar os factores que interveñen na evolución da poboación.
- Analizar os factores económicos e as razóns históricas que explican o fenómeno migratorio no contexto da globalización.
- Localizar no mapa as principais rutas das migracións actuais.
- Comprender as consecuencias económicas, sociais e culturais das migracións.
- Coñecer as migracións da poboación española na historia recente, a partir da análise de gráficas e datos demográficos.
- Recoñecer os distintos grupos que forman a poboación inmigrante en España.
- Reflexionar sobre a emigración de poboación española moza a outros países.

## **UNIDADE 12: AS CIDADES E OS PROCESOS DE URBANIZACIÓN**

### **Obxectivos Didáticos**

- Caracterizar e distinguir o poboamento rural e o poboamento urbano.
- Coñecer os factores que definen a cidade: número de habitantes, actividade económica e concentración do hábitat.
- Interpretar un mapa sobre a distribución da poboación urbana no mundo.
- Coñecer as diferentes formas da trama urbana.
- Recoñecer a utilidade do plano urbano para caracterizar as diversas morfoloxías urbanas.
- Coñecer as características nunha cidade do núcleo histórico, o ensanche e os barrios periféricos.
- Establecer as distintas funcións urbanas.
- Coñecer as tipoloxías da xerarquía mundial das cidades.
- Establecer as diferenzas máis relevantes entre as cidades dos países ricos e os países pobres.
- Concebir a cidade como un ecosistema humano.
- Recoñecer os problemas que orixina o funcionamento dunha cidade.
- Identificar a xerarquía das cidades españolas.
- Reflexionar sobre os problemas das cidades españolas.
- Definir que é unha *smart city* e coñecer exemplos de *smart cities* en España.

### **UNIDADE 13: NATUREZA E SOCIEDADE: HARMONÍAS, CRISES E IMPACTOS**

#### **Obxectivos Didácticos**

- Saber como evolucionou a relación entre sociedade e natureza ao longo do tempo e analizar os factores que explican o desenvolvemento da conciencia ecolóxica.
- Comprender e diferenciar o desenvolvemento sostible do crecemento insostible.
- Coñecer a distribución desigual dos recursos naturais no mundo e o papel que desempeñan as grandes empresas dos países ricos na súa explotación.
- Tomar conciencia da limitación dos recursos naturais e da necesidade de adoptar medidas de aforro enerxético como o uso dos recursos renovables.
- Analizar e reflexionar sobre as dificultades dos países africanos para acceder e explotar os seus propios recursos naturais.
- Explicar os fenómenos responsables da contaminación da auga, a contaminación atmosférica e a deforestación.
- Recoñecer os axentes responsables da sobreexplotación dos recursos hídricos.
- Identificar as novas formas de consumo.
- Describir as características e as problemáticas das paisaxes humanizadas españolas.
- Analizar os parques nacionais e os espazos protexidos de España.

#### **3º de ESO**

## **1)A ÉPOCA DO RENACEMENTO.**

- Diferenciar O Humanismo e o Renacemento, movementos que transformaron o pensamento sociedade da Europa do século XVI.
- Analizar a actuación dos monarcas españois Sabela de Castela e Fernando de Aragón, os Reis Católicos, un reinado que marcou o inicio dunha nova organización territorial e política da península ibérica.
- Aprender Os proxectos europeos para chegar ás Indias, que permitiron ampliar o mundo coñecido descubrimiento de América por Colón.
- Valorar a ruptura da unidade relixiosa que se produciu na Igrexa católica, que deu lugar ao nacemento do protestantismo, iniciado por Lutero, e á reacción católica da Contrarreforma.
- Coñecer Os principais acontecementos dos reinados dos primeiros monarcas da dinastía dos Austriacos en España –Carlos I e Filipe II-, destacando a supremacía hispánica nesta época.
- Ver Unha aproximación á civilización precolombina dos aztecas.
- Analizar a técnica de traballo de análise e comentario de fontes diversas de información histórica.

## **2)A ARTE RENACENTISTA**

- Entender Os trazos máis significativos da estética renacentista.
- Valorar o papel dos mecenas e o protagonismo dos artistas.
- Analizar a influencia da relixión nas manifestacións artísticas.
- Comprender As características da arquitectura e da escultura, valorando a recuperación dos elementos da estética da arte grecoromana.
- Aprender as preocupacións dos pintores renacentistas pola busca da perspectiva.
- Entender As realizacións máis destacadas da arte renacentista en España.
- Ver A obra dun artista xenial do Renacemento: Miguel Anxo.
- Analizar a técnica de traballo de análise de esculturas e pinturas.

## **3)A EUROPA DO BARROCO.**

- Aprender a evolución da Monarquía hispánica durante o século XVII: os reinados de Filipe III, Filipe IV e Carlos II.
- Comprender A progresiva perda da hexemonía da Monarquía hispánica a favor de Francia.
- Valorar As características e diferenzas dos dous modelos políticos representativos da época: a monarquía absoluta, representada polo rei francés Luís XIV, e a monarquía, no que o poder do rei está limitado polo Parlamento, en Inglaterra.
- Analizar Os trazos da ciencia moderna, así como os avances científicos máis destacados.
- Aprender técnica de traballo de elaboración e comentario de mapas conceptuais

## **4)A ARTE BARROCA.**

- Coñecer Os trazos máis significativos da estética barroca.

